

Engadir actividades ou recursos creados manualmente

- Entrar na materia na que se queira engadir a actividade ou recurso creado manualmente (tes que repetir este paso cada vez que queiras engadir un recurso ou actividade


- Premer "modo edición"



- Escollemos "engadir unha actividade ou un recurso"




- Poderás modificar ou eliminar calquera recursos introducido usando o menú despregable da "icona de puntos" ó lado de cada un deles. En Editar a configuración podes cambiar o contido da mesma.



- Podemos engadir:
  - **actividades:** son interactivas para o alumnado
  - **recursos:** son unidireccionais (recursos que sube o mestre para que vexa ou descargue o alumno)

Engadir unha “conversa”


Unha conversa é un “chat” no que poder facer comentarios “en tempo real”. Estes comentarios non quedan almacenados cando se sae da mesma.



- Escollemos “conversa” entre as actividades
- Indica un nome para a conversa.
- Indica unha descrición
- Preme “gardar e volver á materia” ou “gardar e mostrar”

- # Engadir un “cuestionario”

Un cuestionario permite amosar ó alumno/a unha serie de preguntas (de diferentes tipos coas respectivas respostas para escoller, coas que pode interactuar. Recibirá unha reposta e cualifiación cos seus resultados, que o docente poderá ver en calquera momento.



É moi recomendable ter as preguntas previamente no “banco de preguntas”, para poder escoller cales queremos introducir no cuestionario.

- Escollemos “cuestionario”
- Indicamos un nome para o cuestionario e unha descrición (opcional)
- En sincronización podemos indicar cando se abrirá e/ou pechará
- En deseño podemos decidir se as respostas aparecen sempre na orde que indiquemos ou as “baralle aleatoriamente cada vez”
- En comportamento da pregunta tamén podemos indicar se queremos que se barallen aleatoriamente en cada vez.
- Prememos GARDAR



- Podemos cambiar as características do cuestionario en calquera momento, entrando no cuestionario usando a opción "editar a configuración", unha vez escollido o cuestionario, no menú lateral dereito administración.
- Para engadir (eliminar) preguntas ó cuestionario desde o banco de preguntas, en calquera momento, deberemos escoller o cuestionario, e no menú administración elixir a opción "editar o cuestionario"
- Desde esta mesma opción (editar cuestionario) poderás tamén ordenar as preguntas que que teñas, paxinalas...

- # O banco de preguntas: meter as preguntas nun cuestionario

  O banco de preguntas é lugar no que quedan almacenadas tódalas preguntas que creemos, que logo poderemos usar dentro dos cuestionarios que deseñemos.

  No EVA o banco de preguntas **queda asociado a cada materia** pero se queres usar as preguntas noutra, poderás usar a opción exportar e logo na materia nova importar. Esto tamén podes usalo para usar o banco de preguntas do EVA noutro moddle e viceversa. Podes tamén "importar" un cuestionario coas súas preguntas dunha materia a outra, pero só dentro d

- Escollemos "banco de preguntas", no menú administración e unha vez dentro poderemos xestionar tanto as preguntas que teñamos nel como engadir ou modificar as existentes.


- Tamén poderemos engadir un cuestionario que teñamos creado aquelas preguntas do banco que queiramos, para o que deberemos seguir estes pasos:

  1 Escoller o cuestionario que teñamos creado.
  2 Escoller a opción "editar o cuestionario" no menú lateral de administración.


  Veremos ahí as preguntas que xa teñamos incluídas que poderemos ordenar e borrar.



3 Para engadir unha pregunta desde o banco de preguntas deberemos escoller a opción "engadir" e escoller "desde o banco de preguntas". Tamén poderemos crear unha pregunta directamente desde ahí



4 Na nova pantalla "iremos engadindo" os preguntas que teñamos creadas no banco premendo so símbolo do + azul. (Na lapis podemos editala e na lupa previsualizala)




Engadir preguntas ó banco directamente no EVA

Lembra que podes organizar "categorías" dentro do banco de preguntas, para cada materia, por se queres organizalas para logo buscalas.

Escollemos "banco de preguntas", no menú administración

(despregaranse novas opción do banco de preguntas):

1.1 categorías: Crear e elimina categorías
1.2 importar: "traer preguntas ó banco"
1.3 exportar: "levar as preguntas a outro banco"
1.4 recuperar de cursos pasados




- Dentro do banco de preguntas podemos:

1. A: Escoller unha categoría (se as temos creadas)
2. B: Crear unha pregunta (engadila ó banco)
3. C: Editar a pregunta.
4. D: Ver a pregunta (tal como a verá o alumno no cuestionario. Podes probrar aquí se funciona)
5. E: Borrar a pregunta.
6. F: Duplicar a pregunta do banco.

B: ENGADIR NOVAS PREGUNTAS:


Os tipos de preguntas que podes engadir son os seguintes:



7 **Calculadas:** Permite cear problemas a partir dunha fórmula, ofrecendo diferentes valores cada vez que se amosa.
8 **Emparellamento**:
9 Emparellamento aleatorio:
10 Ensaio:
11 Numérica:
12 Opción múltiple:
13 Resposta curta:
14 **Respostas aniñadas (Cloze):** Unha pregunta que contén outras preguntas no seu interior
15 **Verdadeiro/Falso:**
16 **Descrición**: unha etiqueta informativa (non interactiva)

Todas as preguntas permien indicar cal é a puntuación da resposta ou respostas e indicar uns "comentarios" ó alumno se a resposta e correcta ou non.

No caso das "Cloze" poden engadirse usando a icona coa interrogación "amarela" que aparece na caixa de texto, tamén dentro doutro tipo de preguntas.



O alumnado só pode utilizar estas preguntas cando se atopen "dentro dun cuestionario" que creemos dentro dalgunha sección.

Ver resultados do cuestionario

Entra no teu cuestionario (como mestre/a) facendo click sobre o mesmo e escolle no menú lateral de administración a opción "Resultados", dentro poderemos ver as cualificacións da "autocorreción" que fai o cuestionario, ver as respotas dadas por cada alumno, os datos estatísticos e cualificar manualmente (o que permite modificar a cualificación calculada automáticamente)

Escolle o alumno que introduciu as respostas e preme a opción "aínda non cualificado" ou ben sobre a nota que apareza, se é que xa a introduciches (e queres cambiala).

Poderás ver as respostas deixadas por cada alumno/a a cada unha das preguntas. Na opción "facer u comentario ou substituír marca" podes deixar unha anotación que recibirá o alumno/a a cada pregunta, así como asignar manualmente unha nota a esa pregunta.

Engadir unha “escolla” (votación)


Permite amosar unha pregunta cunha serie de respostas, a modo de votación sen respostas correctas ou incorrectas.

Escollemos a “escolla”

Indicamos un nome e descrición (o que verá o alumno/a)

Indicamos as diferentes opcións que queremos ofertar.

Non hai respostas correctas ou incorrectas, é simplemente unha votación.



Engadir un “foro”

Nun foro poden deixarse comentarios con respostas ós mesmos, quedando gardados para o futuro, á diferencia das conversas.


Escollemos o “foro”

Escribimos un nome

Indicamos unha descrición (será o que vexa o alumno)

Cada alumno/a ou mestres poderá iniciar “discusións”

Cada alumno/a ou mestres poderá responder ás “discusións” propostas



Engadir un “glosario”

Un glosario é un dicionario de definicións, no que o alumnado pode engadir palabras coa súa definición. Pode ir completándose co vocabulario que se desexe ó longo do tempo. Tamén se poden engadir imaxes ou outro tipo de arquivo descargable con cada termo e definición.

Escollemos o “glosario”


Escribe un nome (título do glosario)

Escribe unha descrición (o que verá o alumno/a)

Cada alumno/a pode engadir termos coa súa definición.

Cada alumno/a pode modificar as definicións introducidas.

Pode engadirse unha imaxe ou calquera outro tipo de arquivo a cada termo.



Engadir unha “tarefa”

Unha tarefa (no EVA) é unha actividade na cal se pide ó alumnado que entregue un traballo sobre un tema que se plantexe.

Este traballo pode pedirse que se entregue nun arquivo (por exemplo pdf), ou que o escriba directamente nunha caixa de texto.

Escollemos “tarefa”

Poñemos un nome, e unha descrición (que será o que vexa o alumno)

Podemos establecer un prazo de entrega

Tipos de entrega:


.1 En liña: escribe directamente
.2 En arquivo: pide que se suba un arquivo co traballo pedido.

Entrando na “tarefa” como mestre/a, no apartado “ver e cualificar as entregas”, podemos corrixir o que nos entregaron.



Poderemos escribir comentarios con cada entrega, que o alumno/a recibirá. O alumno/a tamén pode deixar comentarios cando o entrega.

Se nos entregaron un arquivo en "pdf" poderemos corrixilo directamente sobre o arquivo, devolvéndollo corrixido.



Como devolver unha tarefa corrixida, pero que non estea pdf?





Se queremos "devolver" un arquivo como resposta, por exemplo, si enviou un documento en odt (lembra que nos pdf directamente xa o recibirá corrixido), deberemos escoller opción "tipos de reatroalimentación" > "ficheiros de comentarios".
Deste xeito cando corrixamos a tarefa poderemos devolverlle "calquera arquivo", por exemplo, o que nos enviou pero corrixido. Teremos que subilo no apartado "ficheiros de comentarios"

Engadir "xogos"

Existen unha serie de xogos que poden engadirse en cada sección.

Escollemos o xogo que queiramos e seguimos as instrucións


Engadir unha actividade ou un recurso
Paquete SCORM
SCORM/AICC Remoto
Smart ClassRoom
Taller
Tarefa
Wiki
Xogos
Aforcado
Encrucillado
Cryptex
Millonario
Sudoku
Serpes e Escadas
Imaxe Oculta
RECURSOS
Cartafol
Contido de paquete IMS
O xogo da imaxe oculta mostra unha parte dunha imaxe por cada pregunta que o alumno responde correctamente. Cada número na pantalla do xogo mostra ao alumno unha pregunta, de xeito que cando o alumno responde correctamente o número substituirase por unha parte da imaxe.
Engadir
Cancelar



Engadir un "cartafol"


Podemos crear un cartafol e dentro del introducir diferentes documentos descargables para o alumno/a

Escollemos "cartafol"

Indicamos un nome e unha descrición

Poderemos subir os arquivos que queiramos para descargalos dentro del.






Engadir unha "etiqueta"

Unha etiqueta é un texto (que podes conter imaxes, vídeos, audios...) que se escribe directamente nunha sección.

Este texto pode verse desde a sección directamente sen ter que entrar
nela




Escollemos "etiqueta"

Na caixa de texto que aparece poderemos

engadir:

1 textos enriquecidos
2 vídeos
3 imaxes

- Podes despregar tódalas ferramentas de "edición" dispoñibles premendo neste botón (frecha A)



- Engadir imaxe (frecha C)
- Engadir audio desde o ordenador (frecha D)
- Engadir elementos embedidos (frecha C). Editor html. Por exemplo para incluír un vídeo de youtube que se amose directamente na sección.


Incluír un vídeo de youtube unha etiqueta ou páxina”

Outra opción alternativa sería incluílo como unha ligazón (url), pero
nese caso abriríase nunha ventá nova e non dentro do tema.
Podemos incluír un vídeo de youtube nunha etiqueta de modo que se vexa directamente.

Escollemos o vídeo de youtube (ou outro servizo de vídeo) e prememos no botón compartir




Agora poderemos copiar ben a url (A) ou código para inserir ou embedir (B) non noso caso caso escollemos inserir



Copiamos o texto que nos amosa




Na etiqueta ou páxina da sección que sexa, escollemos o botón "editar HTML" (frecha B)



Pegamos o código no lugar que queiramos que apareza (sen

borrar o que xa hai escrito). Prememos actualizar e xa poderemos ver o vídeo inserido, tan só haberá que gardar os cambios para que sexa visible.



Engadir un “ficheiro”

Podemos subir un ficheiro (arquivo) que o alumno poida descargar. Podemos xuntar varios arquivos amosados dentro dun cartafol (ver mini guía correspondente.

Escollemos “ficheiro”

Escribimos un nome e unha descrición.

Subimos o ficheiro arrastrándoo a caixa e gardamos os cambios.


Tódolos ficheiros que vaiamos subindo quedan gardados e poden ser utilizados en calquera sección.

Engadir unha “páxina”

Podemos facer o mesmo que se amosaba nunha etiqueta (vídeo, imaxes, audio...) pero de forma que se abra nunha nova ventá. Para elo crearemos unha páxina.



- Escollemos “páxina”
- Indicamos un nome e unha descrici
- Na caixa de texto que aparece poderemos engadir:
  1. textos enriquecidos
  2. vídeos
  3. imaxes
- Podes despregar tódalas ferrament “edición” dispoñibles premendo nes botón (frecha A)



Podemos considerar unha páxina como “unha etiqueta” que se abre noutra ventá, a creación e idéntica á das etiquetas.

Engadir un “libro”

Un libro é un conxunto de páxinas creadas organizadas por

capítulos, que poden abrirse directamente desde unha sección.

Escollemos "libro"


Indicamos un nome e unha descrición.

Poderemos crear tantos capítulos como queiramos.

Dentro de cada capítulo haberá unha única páxina (que crearemos usando a caixa de texto explicada na guía de creación de páxinas)

Poderemos tamén engadir subcapitulos dentro de cada capítulo.

No menú lateral, cando teñamos entrado no libro, poderemos xestionar os capítulos e páxinas: engadilos, movelos, editalos, borralos...





Engadir unha "URL"

Escollemos "URL"

Indicamos o nome e a descrición.

Pegamos a URL que queiramos enlazar





scollemos en "apariencia" como queremos que se abra.

Conseguimos a url copiando o que apareza na barra do navegador, para poder pegala no campo "url externo".

